

PARTICIPA NO VOLUNTARIADO LINGÜÍSTICO

↳ En qué consiste?

Durante os recreos tes un compañeiro/a que conversa contigo en galego sobre un tema que vós acordades.

↳ Por que en galego?

O galego, a pesar de ser a lingua propia de Galicia, é unha lingua minoritaria no Milladoiro. Non hai moitos contextos onde poidas escoitala para poderes así irte acostumando a oíla e mesmo practicala. Tampouco hai moita oferta de ocio na nosa lingua propia (cinema, videoxogos, televisión... encóntranse en castelán pero non en galego)



↳ Normas de funcionamento do voluntariado

- ✓ Xuntádesvos no punto de encontro, no recreo acordado.
- ✓ Pode haber opción de mudar o día, previo acordo.
- ✓ Débese avisar ao compañeiro/a, se sabes que vas faltar.
- ✓ E ten premio: 8 carimbos=1 vale na cafetería.



Podes atoparnos nas seguintes ligazóns :



<https://www.instagram.com/edlgmilladoiro/>


www.omillafaladoiro.blogspot.com

“Camiña millas, no Milla cara á inclusión”

PROGRAMA



ACOLLIDA



INMERSIÓN



IES do MILLADOIRO

www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro

"ÍMONOS ENTENDER"

Chego nova/o ao centro...

↪ *Que fago?*

O teu instituto pon á túa disposición:

**PROGRAMA
DE
ACOLLIDA
E
INMERSIÓN LINGÜÍSTICA**


↪ *En que consiste?*

Ofrece, en horario lectivo, aulas de galego e/ou castelán para que poidas aprender unha ou as dúas linguas da Comunidade, segundo o teu caso particular.



↪ *En que che beneficia?*

- ✦ *É un espazo de acollida nos primeiros momentos.*
- ✦ *Axúdache a adquirir a competencia lingüística básica nas dúas linguas oficiais da*



Comunidade: galego e castelán, linguas que hai que estudar no instituto e nas que tamén se imparten as outras materias.

- ✦ *Facilita a túa comunicación diaria dentro e fóra do centro*
- ✦ *Dótate de ferramentas para a mellor comprensión da realidade que te rodea.*
- ✦ *Favorece o teu acceso ao currículo mediante as medidas de atención á diversidade máis axeitadas á túa situación persoal.*

↪ *Normas de funcionamento*

- *Tes que saír do grupo de referencia naquelas horas en que o profesorado de inmersión pode atenderte e que se che indicarán no horario.*
- *Debes asistir puntualmente ás clases no horario marcado (e avisar ao profesor/a de inmersión se sabes que non vas poder acudir).*

